

A TEQUERRETÉ



Presenta



Dirección: Paco Luna



PREMIO Á MELLOR OBRA ELIXIDA POLO PÚBLICO
PREMIO Á MELLOR OBRA ELIXIDA POLO XURADO
PREMIO Á MELLOR ACTRIZ
VI MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO “Labarta Pose ” 2023




PREMIO Á MELLOR DIRECCIÓN
II CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO
“José Luis López Lorenzo - O Poto”



SINOPSE:

Marta e Pedro, Helena e Antón son dúas parellas que celebran nun destino paradisíaco vinte e cinco anos de relacións, de amizade e de viaxes en común. Pero a alegría desbordante do principio vaise tornar nunha situación chea de equívocos, revelacións inconfesables e descubrimentos de feitos pasados que provocarán que todo cambie entre eles.

Xa nada será igual, todo será distinto... ou quizais non.



ELLENCO

Marina Nieto como Marta

A perfecta esposa de Pedro garda un segredo que esta noite sairá á luz e poñerá patas arriba todos os alicerces da amizade das dúas parellas. Pero pode que tras a tormenta desta noite.....veña o tsunami matutino.



Eva Rosende como Helena

Virtuosa e minoritaria profesora de tuba e bombardino. Esposa de Antón por unha alcohólica broma do destino.

Pode que non sexa un gran exemplo de luxuria exacerbada...pero todas temos algo inconfesable ardendo no noso interior.



Luis P. Martínez como Pedro

Garda urbano algo pechado de mente e moi aberto a outras cuestións sentimentais. Ten unha vida perfecta, unha familia perfecta e un traballo perfecto...ou sexa, que non é feliz.


Marido de Marta e namorado, secretamente, de...Marta.



Iago Martínez Anta como Antón.

O marido de Helena. Misterioso mestre sempre na busca de todo tipo de emocións máis ou menos perversas.

Goza dabondo coa compañía da súa muller e da parella amiga de ambos.....pero sempre se pode gozar un pouco máis, non?





Director: Paco Luna.

Tras a demencia de dirixir á compañía A Tequerreté na peza teatral Confinad@s no 2022, este humilde masquista andaluz repite coa psicopática camarilla de actrices e actores que forman a marabillosa, irreverente e divertida Vacacións.

Neste o segundo traballo conxunto de Paco Luna e A Tequerreté, asistimos a unha comedia de ritmo frenético, a unhas brillantísimas interpretacións por parte de todo o elenco e a unha comedia que fará que máis dun espectador saia do teatro coa pregunta do millón na súa cabeza:

“Nunca pensastes en vivir a vida cun pequeno....aliciente?”



FICHA TÉCNICA:

Iluminación:

- 2 Recortes puntuais para crear un círculo central duns 2 metros de diámetro
- 2 PCs para crear un círculo que abra uns 4 metros de diámetro
- Luz xeral cálida con PCs (os que sexan necesarios dependendo do espazo)
- Luz de contra de PCs (os que sexan necesarios dependendo do espazo)

Son:

Levamos portátil coa plantilla de son e só necesitamos un cable Minijack coa entrada á mesa de son.

Escenografía, vestuario e son: A Tequerreté

Duración do espectáculo: 80 minutos.

Tempo de montaxe: 120 minutos.

Tempo de desmontaxe: 60 minutos.

A TEQUERRETÉ



Contacto: Iago Martínez Anta

609.824.391

atequerrete@gmail.com



@_elefarte_ @jerrynoia